

INFORME DA DIRECCIÓN DO CENTRO DE INVESTIGACIÓN TECNOLÓXICO INDUSTRIAL (MTI) EN RELACIÓN Á CONVOCATORIA DE UTILIZACIÓN DE ESPAZOS (2014)

LIMIAR

O presente informe, xunto coa proposta da Vicerreitoría, vai dirixido á Comisión de Investigación que ha de aprobar a concesión de espazos no Centro de Investigación Tecnolóxico Industrial (MTI) da Universidade de Vigo, tal e como se recolle na convocatoria.

Neste informe realízase unha avaliación técnica das solicitudes en base aos proxectos que se pretenden levar a cabo en devanditos espazos, atendendo principalmente á adecuación dos mesmos á temática á que se dedicará o edificio e á complexidade e custo das instalacións necesarias para desenvolverlos. Se ha ter tamén en conta o tipo de espazos recolleitos nas solicitudes. A avaliación dos méritos presentados no apartado de *Criterios de concesión* da convocatoria non se realiza neste informe, entendendo que non é competencia desta Dirección.

ADECUACIÓN

O Centro de Investigación Tecnolóxico Industrial (MTI) é un Centro de Apoio á Investigación (CAI) da Universidade de Vigo, dependente da Vicerreitoría de Investigación, co obxectivo específico de proporcionar infraestruturas singulares necesarias para manter e mellorar o nivel científico-tecnolóxico, proporcionar valor engadido e vantaxes competitivas para a captación de recursos en temas como a enerxía, automoción, ciencia e tecnoloxía dos materiais ou medio ambiente, sempre dende unha perspectiva de eficiencia, sustentabilidade e interacción co sector industrial.

En base a estas premisas e xunto coa información proporcionada polos grupos solicitantes, esta Dirección considera que

- Todos os grupos solicitantes presentan traxectorias continuadas de I+D+i no ámbito das tecnoloxías e procesos industriais e presentan proxectos acordes aos obxectivos do MTI en temas como os relacionados anteriormente.
- A solicitude do grupo formado polos investigadores José Durany Castrillo, Jacobo de Uña Álvarez e Eduardo Godoy Malvar, como integrantes do Instituto Tecnolóxico de Matemática Industrial (ITMATI), aínda que de temática adecuada á recolleita na convocatoria, reflexa un tipo de espazo que non se axusta aos existentes no MTI, dado que non plantexa ningunha necesidade específica de infraestrutura singular.

INSTALACIÓNS

Para levar a cabo axeitadamente as actividades para as que foi creado o MTI, é necesario un conxunto de instalacións básicas, dalgunhas das cales carece actualmente o edificio. Ditas instalacións se acometerán de forma gradual en función da disponibilidad de recursos e da relevancia da súa necesidade.

As instalacións que maioritariamente requiren os grupos solicitantes e que poderían ser atendidas nesta convocatoria son

- Sistema de extracción de gases.
- Sistema de gases a presión (Ar, He, N₂).
- Sistema de aire comprimido.
- Subministración de auga e desaugadoiros.
- Alimentación eléctrica trifásica.
- Almacenamento de produtos tóxicos.

Existen no MTI preinstalacións dalgúns destes sistemas, pero doutros hai que realizar unha instalación totalmente nova. Instalacións máis específicas requiridas nalgunhas solicitudes non se poderán acometer nesta convocatoria.

Tendo en conta estas circunstancias, esta Dirección considera que

- A solicitude do grupo liderado por Pedro Arias Sánchez non pode ser atendida nesta convocatoria, xa que precisa dunhas reformas no entorno do MTI que non se levarán a cabo neste momento.
- Algúns grupos non poderán desenvolver no MTI todos os proxectos que han incluído na solicitude por mor destas restricións nas instalacións.

CONCLUSIÓNS

Considerando soamente os aspectos indicados ao inicio deste informe e sobre a base da xustificación expresada nos apartados anteriores, esta Dirección recomenda

- Asignar espazos aos grupos liderados por Jesús Doval Gandoy, José Luis Míguez Tabarés (nave-taller), Alejandro Pereira Domínguez, Juan María Pou Saracho (nave-taller), e José Antonio Vilán Vilán (nave-taller) na planta 1 do edificio.
- Asignar espazos aos grupos liderados por José Cidrás Pidre, José Manuel Cruz Freire, Luis Espada Recarey, José Luis Míguez Tabarés (espazo de investigación) e Javier Taboada Castro na planta 3 do edificio. Lémbrese que en dita planta sitúanse espazos comúns que non son susceptibles de cesión aos grupos solicitantes.

- Asignar espazos aos grupos liderados por Pío Manuel González Fernández, Xosé Ramón Novoa Rodríguez, Juan María Pou Saracho (espazo de investigación), M^a Ángeles Sanromán Braga e José Antonio Vilán Vilán (espazo de investigación) na planta 4 do edificio. Terase en conta que un dos espazos da devandita planta ha de deixarse sen asignar, en previsión da futura construción dunha pasarela de comunicación coa Escola de Enxeñaría Industrial.
- Non asignar espazos aos grupos liderados por Pedro Arias Sánchez, a espera de que máis adiante se acometan as reformas necesarias no MTI, e por José Durany Castrillo, Jacobo de Uña Álvarez e Eduardo Godoy Malvar, emplazando a Vicerreitoría de Investigación e Transferencia á procura dun espazo alternativo nalgunha das instalacións da Universidade, respectivamente.

En caso de aceptación do espazo concedido, os grupos haberán de adecuar a súa actividade ao espazo asignado.

Vigo, 3 de setembro de 2014

Asdo.: Angel M. Espada Seoane

Dtor. Centro de Investigación Tecnolóxico Industrial (MTI)

Universidade de Vigo